

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE
29 DE SETEMBRO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00041022V.**

|Ratificación da urxencia da convocatoria. |

Ratifícase a urxencia.

2. COMERCIO. Referencia: **2023/00004629B.**

|Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios centro comercial Área Central, para levar a cabo un programa de dinamización comercial ano 2023. |

Acórdase:

Primeiro.- Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial durante a anualidade 2023.

Segundo.- Aprobación do gasto por importe de trinta e cinco mil euros- 35.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890004.

3. COMERCIO. Referencia: **2023/00004629B.**

|Modificación da cláusula quinta parágrafo quinto do convenio entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central, para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial anualidade 2023. Ampliación do prazo de xustificación. |

Acórdase a modificación da cláusula quinta parágrafo quinto do convenio entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial anualidade 2023, que queda redactada como segue:

“V.- A data límite de xustificación é o 11 de outubro de 2023. Para iso, a persoa beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:”

O resto do parágrafo mantense nos mesmos termos.

Este acordo non é susceptible de recurso sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

4. COMERCIO. Referencia: **2023/00029800L.**

|Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela, para a creación e promoción da marca de produto “Ourives de Compostela”. |

Acórdase:

Primeiro.- Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e Comerciantes Ourives de Compostela, para a creación e promoción da marca de produto “Ourives de Compostela”.

Segundo.- Aprobación do gasto por importe de vinte mil douscentos euros, 20.200,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890006.

5. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: **2022/00041209R.**

|Aprobación inicial da subvención á rehabilitación edificatoria no marco do Plan de

Vivenda 2013 – 2016, correspondente á fase 15 do ARI do Casco Histórico, no edificio sito na rúa do Sar nº 4.

Aprobación inicial da subvención con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2022 e ao proxecto de gasto 2018 REHAB 15 correspondente á FASE 15, concedendo a subvención solicitada e comprometendo o gasto (fase D) en favor dunha persoa beneficiaria por importe de 14.986,43 €.

6. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00041445F.

Aprobación inicial da subvención á rehabilitación edificatoria no marco do Plan de Vivenda 2013 – 2016, correspondente á Fase 15 do ARI do Casco Histórico, no edificio sito na rúa do Campo do Cruceiro do Gaio nº 17A.

Aprobación inicial da subvención con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2022 e ao proxecto de gasto 2018 REHAB 15 correspondente á FASE 15, concedendo a subvención solicitada e comprometendo o gasto (fase D) en favor de dúas persoas beneficiarias, por importe de 7.388,70 € cada unha.

7. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00040942X.

Aprobación inicial da subvención á rehabilitación edificatoria no marco do Plan de Vivenda 2013 – 2016, correspondente á fase 15 do ARI do Casco Histórico, no edificio sito na rúa Basquiños nº 8.

Aprobación inicial da subvención con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2022 e ao proxecto de gasto 2018 REHAB 15 correspondente á FASE 15, concedendo a subvención solicitada e comprometendo o gasto (fase D) en favor das dunha persoa beneficiaria por importe de 14.869,35 €.

8. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00041216P.

Aprobación inicial da subvención á rehabilitación edificatoria no marco do Plan de Vivenda 2013 – 2016, correspondente á Fase 15 do ARI do Casco Histórico, no edificio sito na rúa Calzada do Carne de Abaixo, 3

Aprobación inicial da subvención con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2022 e ao proxecto de gasto 2018 REHAB 15 correspondente á FASE 15, concedendo a subvención solicitada e comprometendo o gasto (fase D) en favor dunha persoa beneficiaria por importe de 6.154,88 €.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00022020J.

Adxudicación do contrato das obras de execución do proxecto "Mellora da Accesibilidade ao barrio de Pontepedriña"

Acórdase:

Primeiro: excluír OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL do procedemento de adxudicación por non achegar na xustificación da baixa documentación relativa ao persoal e ao material que se adscribe e outros datos necesarios para a valoración da viabilidade da oferta presentada.

Segundo: Adxudicarlle, por ser a súa a mellor oferta, a ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS SLU o contrato que ten por obxecto as Obras de execución do proxecto "Mellora da Accesibilidade ao barrio de Pontepedriña", por un importe de 145.200,00 € (base imponible 120.000,00 € máis IVE do 21% 25.200,00 €).

Ademais, ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS SLU ofertou:

- 5 anos a maiores de ampliación do prazo de garantía, por riba do mínimo exigido.
- Un 2% de ampliación das medidas de control de calidade sobre o 1% obrigatorio.
- Un 2% de ampliación das medidas de control de control ambiental sobre o 1%

obligatorio

Designase como responsable do contrato a Dirección Facultativa da obra consonte o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento deste contrato correspóndelle ao servizo de Obras e Proxectos, que lle asigna a súa supervisión a Diego Briega Argomariz, arquitecto do Servizo de Obras e Proxectos.

Terceiro: comprometer un gasto por importe de 145.200,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 15321 6190000 (código de proxecto: 2022 2 EDUSI 3 1).

Esta operación está incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

10. **ALCALDÍA.** Referencia: **2023/00041034Y.**

Designación de representantes municipais na Fundación Refuxio de Animais.

Acórdase:

Primeiro. Cesar como vogais do Padroado da Fundación Refuxio de Animais, designados en representación do Concello de Santiago de Compostela, ás persoas que se relacionan a continuación, agradecéndolle os servizos prestados:

- Dona Esther Pedrosa Carrete.
- Don Evaristo Ben Otero.
- Dona Navia Rivas de Castro.
- Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.

Segundo. Designar como membros do Padroado da Fundación Refuxio de Animais en representación do Concello de Santiago de Compostela aos concelleiros que se relacionan a continuación:

- Dona Adrián Villa Torres (grupo municipal do PP).
- Dona Marta Abal Rodríguez (grupo municipal do PSdeG-PSOE).
- Don Xan Duro Fernández (grupo municipal de CA).

Terceiro. De conformidade co previsto no artigo 9 dos Estatutos da Fundación é Presidenta do Padroado a Alcaldesa, dona Goretti Sanmartín Rei, e Vicepresidente do mesmo órgano o concelleiro delegado de Sustentabilidade Ambiental, Dereitos dos Animais, Servizos Básicos Comunitarios, Parques e Xardíns e Vías e Obras, don Xesús Manuel Domínguez. Domínguez

Cuarto. Comunicar este acordo á Fundación Refuxio de Animais para os efectos oportunos.